# Universidade Vigo



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo de Fin de Grao

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Traballo de Fin de Grao | | | |
| Código | O02G251V01991 | | | |
| Titulación | Grao en Xeografía e Historia | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 4 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego | | | |
| Departamento | Historia, arte e xeografía | | | |
| Coordinador/a | Prada Rodríguez, Julio | | | |
| Profesorado | Prada Rodríguez, Julio | | | |
| Correo-e | jprada@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | O Traballo de Fin de Grao consistirá na realización e defensa por parte dos e das estudantes dun traballo tutelado no que, baixo a dirección dun titor ou titora, se apliquen e desenvolvan de forma integrada os contidos formativos e as competencias asociadas ao título de Graduado en Xeografía e Historia. | | | |

## Competencias

| Código | |
|---|---|
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| A3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| A4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado. |
| A5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B3 | Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica |
| B4 | Desenvolver as destrezas asociadas á elaboración, transmisión e xestión do ""saber"" e ""saber facer"" adquirido así como dos resultados do seu razoamento crítico |
| B6 | Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares |
| C1 | Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía física |
| C2 | Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía Humana |
| C3 | Coñecemento das claves e desenvolvemento dos espazos xeográficos, (aspectos físicos, humanos, económicos) na súa dinámica socio-territorial |
| C4 | Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais |
| C5 | Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais |
| C6 | Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica |
| C7 | Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais |
| C8 | Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo |
| C9 | Capacidade de análise e interpretación das paisaxes |
| C10 | Capacidade de relacionar, sintetizar e expresar información xeográfica en sistemas gráficos e cartográficos |
| C11 | Coñecemento e desenvolvemento de habilidades no ámbito da ordenación e planificación territorial |
| C12 | Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado |
| C13 | Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais |
| C14 | Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado |
| C15 | Coñecemento de linguas antigas |
| C16 | Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade |

| | |
|---|---|
| C17 | Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente |
| C18 | Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas |
| C19 | Coñecemento da historia nacional propia |
| C20 | Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada |
| C21 | Coñecemento da historia da integración europea |
| C22 | Coñecemento da historia universal |
| C23 | Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica |
| C24 | Conciencia crítica das coordenadas espazo-temporais da Historia da Arte |
| C25 | Visión diacrónica xeneral da Historia da Arte Universal |
| C26 | Visión diacrónica rexional e completa dos fenómenos artísticos territoriais |
| C27 | Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte |
| C28 | Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte |
| C29 | Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia |
| C30 | Coñecemento das principais fontes literarias e documentais da Historia da arte |
| C31 | Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes |
| C32 | Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte |
| C33 | Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles |
| C34 | Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte |
| D1 | Capacidade de análise e síntese |
| D2 | Aplicación dos coñecementos |
| D3 | Capacidade de organización e planificación |
| D4 | Comunicación oral e escrita no idioma propio |
| D5 | Capacidade de xestión da información e o coñecemento |
| D6 | Resolución de problemas e toma de decisións. |
| D7 | Capacidade de razoamento crítico |
| D8 | Compromiso ético e responsabilidade social |
| D9 | Traballo en equipo en diversos contextos |
| D10 | Atención á diversidade e multiculturalidade. |
| D11 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| D12 | Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza |
| D13 | Iniciativa e espírito emprendedor |
| D14 | Motivación pola calidade |
| D15 | Sensibilidade a temas ambientais. |
| D16 | Coñecemento doutras culturas |

| **Resultados de aprendizaxe** | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Asimilar adecuadamente as competencias propias do grao. | A2 | B3 | C1 | D1 |
| Aplicar correctamente a metodoloxía e as técnicas propias do grao. | A3 | B4 | C2 | D2 |
| Demostrar a destreza na busca, manexo e análise crítico das fontes e recursos bibliográficos. | A4 | B6 | C3 | D3 |
| Demostrar a capacidade para a formulación, elaboración, presentación e defensa dun traballo relacionado cos contidos do grao. | A5 | | C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C14<br>C15<br>C16<br>C17<br>C18<br>C19<br>C20<br>C21<br>C22<br>C23<br>C24<br>C25<br>C26<br>C27<br>C28<br>C29<br>C30<br>C31<br>C32<br>C33<br>C34 | D4<br>D5<br>D6<br>D7<br>D8<br>D9<br>D10<br>D11<br>D12<br>D13<br>D14<br>D15<br>D16 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| O TFG poderá consistir nun traballo de carácter experimental, teórico, de investigación ou manexo de fontes históricas, producións artísticas, elementos cartográficos, etc., de revisión bibliográfica ou profundización temática, nun informe de traballo de campo ou nunha memoria de actividades (xestión cultural e patrimonial, museos, aplicacións tecnolóxicas,etc.) en campos relacionados coa Titulación. | Non existen subtemas |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | 15 | 0 | 15 |
| Traballo tutelado | 0 | 270 | 270 |
| Presentación | 1 | 14 | 15 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Establecemento das bases metodolóxicas axeitadas de acordo coa natureza do TFG elixido polo/a alumno/a. |
| Traballo tutelado | Elaboración do Traballo de Fin de Grao de acordo coas directrices expostas |
| Presentación | Exposición por parte do alumno ou alumna do traballo realizado. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|

| | |
|---|---|
| Traballo tutelado | Atenderase de xeito personalizado ao alumnado no tocante ás diferentes fases relativas á elaboración e defensa do Traballo de Fin de Grao de acordo coas directrices que o regulan e as necesidades derivadas da súa natureza. |
| Aprendizaxe baseado en proxectos | Atenderase de xeito personalizado ao alumnado no que atinxe ao establecemento das bases metodolóxicas axeitadas de acordo coa natureza do TFG elixido. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| Traballo tutelado | Na avaliación do traballo de Fin de Grao o alumnado deberá demostrar ter adquirido as competencias asociadas ao título de Graduado en Xeografía e Historia que sexan conformes coa natureza e as características do mesmo. O tribunal cualificará de 0 a 10 cada un dos seguintes apartados do TFG: aspectos formais e adecuación aos requisitos mínimos fixados; obxectivos e competencias; metodoloxía apropiada; relevancia e resultados; exposición e defensa. A nota final será a media da nota obtida nestes cinco apartados.<br>Os resultados da aprendizaxe avaliados son:Asimilar adecuadamente as competencias propias do grao. Aplicar correctamente a metodoloxía e as técnicas propias do grao. Demostrar a destreza na búsqueda, manexo e análise crítico das fontes e recursos bibliográficos. Demostrar a capacidade para a formulación, elaboración, presentación e defensa dun traballo relacionado cos contidos do grao | 80 | A2 A3 A4 A5 B3 B6 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C16 C17 C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27 C28 C29 C30 C31 C32 C33 C34 D1 D2 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 |
| Presentación | Exposición e defensa do Traballlo de Fin de Grao<br>Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Demostrar a capacidade para a formulación, elaboración, presentación e defensa dun traballo relacionado cos contidos do grao | 20 | B4 D4 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións

## Plan de Continxencias

**Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as Administracións e a propia institución o determinen

atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense todas as metodoloxías docentes.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Non se producen modificacións das metodoloxías docentes.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo), Campus Remoto (enlace en FaiTic) e correo electrónico.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional
A presentación do TFG realizarase a través das aulas do Campus Remoto ou por medio de outras plataformas de videoconferencia. No caso de non resultar posible o emprego das mesmas, tamén poderán empregarse outros recursos de carácter substitutivo (gravación de vídeo, PowerPoint ou similares, etc.).